

ESCRITO DO ALCALDE DE PARADELA

O Certame Literario Manuel Rodríguez López, converteuse nun dos alicerces máis importantes da cultura galega, coido que hai poucos certames na nosa comunidade e incluso na nación que acaden semellante nivel de participación.

Esta XVII edición que aquí presentamos orixinouse cun balance tan extraordinario que acadou 958 obras presentadas, case que un millar, pertencentes a autores espallados por todo o mundo da cultura galega e española. Este éxito non podería existir sen a vontade do noso poeta, que deixou explicitamente acreditada, **“a vontade de traballar en exclusiva pola cultura”**. Así que Manolo, non só logras o teu proxecto, senón que segues a ser un dos grandes comunicadores, facendo que a través túa América e Europa dun xeito especial, teñan ese nexo común a través da palabra, reflectida neste milleiro de traballos, que dan testemuña escrita, para a súa interacción cultural.

O pensamento e o coñecemento operan grazas a estas obras, que inciden entre a realidade e a súa interpretación, facendo posible a reflexión e dela a interacción cultural, non só entre cidadáns senón entre pobos e nacións que poñen de manifesto as súas peculiaridades e problemáticas actuais. Como exemplo, Erick Hernández Morá, (La Habana, 1973) coa obra “Por la residencia aguantamos” con oito folios exemplariza a actualidade americana en forma de carta ao Presidente Obama.

Foron tantos os concursantes que o xurado despois de verse abraiado pola cantidade, sucedulle o mesmo coa calidade, polo que nos vimos na obriga de engadir dous accésits en cada unha das modalidades e dúas mencións de honra tanto en narrativa como en Poesía.

Como se pode comprobar, o certame segue rompendo moldes e é hoxe un referente no mundo, grazas á figura do noso fillo predilecto Manuel Oreste Rodríguez López.

Sólo me resta, felicitar aos gañadores e agradecer o traballo do xurado e dos empregados municipais que tiveron que facer un labor inxente para poder editar este traballo, xa que un total de 886 obras entraron por correo electrónico.

Estamos no bo camiño e seguiremos a traballar a prol da cultura como testemuñas do singular personaxe que hoxe homenaxeamos, facendo o que a el máis lle gustaría.

Paradela, 4 de decembro de 2012

José Manuel Mato Díaz

Alcalde de Paradela